

Igualdade legal, desigualdade penitenciaria.
Evolución da situación da muller ante o
sistema legal e penitenciario español¹

*Legal Equality, Penitentiary Inequality.
Development of Women in the Spanish Legal and Prison System*



MARÍA BARREIRO GEN

Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas,
Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña

maria.gen@udc.es

¹ Unha versión preliminar deste traballo co título «O dobre castigo das mulleres en prisión: evolución do sistema penal e penitenciario desde un punto de vista de xénero» foi presentada nas XXII Jornadas Luso-Espanholas de Gestão Científica, organizadas polo Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvemento da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, que tiveron lugar en Vila Real (Portugal) os días 1-3 de febreiro de 2012.

Resumo

A consecución da sustentabilidade social plena só se logrará cando homes e mulleres atinxiren un nivel de desenvolvemento de competencias, habilidades e desexos persoais e colectivos en réxime de igualdade. Para isto ser posible, é fundamental que desde todos os ámbitos se promovan instrumentos que faciliten alcanzar este obxectivo. O Estado e demais institucións públicas desempeñan, por tanto, un papel fundamental nesta cuestión.

Este traballo céntrase no estudo da evolución do sistema penal e penitenciario español desde un punto de vista de xénero, co fin de analizar cal foi a política estatal nestes ámbitos e a súa relación coa participación da muller na sociedade. Así mesmo, estúdanse os programas de actuación máis salientables levados a cabo en España para acadar a inclusión social da poboación reclusa e, en concreto, das mulleres privadas de liberdade. Como se verá, a pesar de que no ámbito normativo se obtiveron importantes logros, o sistema penitenciario debe continuar a súa transformación e asumir a existencia de colectivos moi diversos, que necesitan de vías concretas de actuación.

Palabras chave: muller, reclusa, prisión, desigualdade, sistema penal, sistema penitenciario

Abstract

Full social sustainability will only be achieved when men and women have attained a level of development of competencies, skills and personal and collective desires on an equal footing. To make this possible, it is fundamental that all areas promote instruments to facilitate the achievement of this goal. Therefore, the State and other public institutions play a key role in this issue. This work focuses on the study of the evolution of Spanish penal and penitentiary system from a gender perspective, in order to analyze what the state policy in these areas has been and their relation with the participation of women in society. In addition, we study the most notable action programmes carried out in Spain to achieve social inclusion of the prison population and, in particular, of women prisoners. Although on the normative front significant achievements have been obtained, the prison system should continue its transformation, assuming the existence of many different groups which require specific course of action.

Keywords: Woman, Inmate, Prison, Inequality, Penal system, Penitentiary system.

1. Introducción

A poboación reclusa en xeral e as mulleres reclusas en particular constitúen dous dos grupos con maiores problemas de exclusión social. O colectivo feminino en prisión supoñía en decembro de 2012 o 7,62% da poboación reclusa total segundo o Ministerio do Interior (2013). Esta cifra é maior que en anos anteriores, e as principais causas deste incremento son, de acordo con Blázquez e Ramos (2010), a drogodependencia, a feminización da pobreza e o incremento do número de inmigrantes utilizados como mulas para introducir en droga no territorio español. De feito, os delitos contra a saúde pública e contra o patrimonio son o motivo polo que en maior medida ingresan en prisión as mulleres en España. A pesar de que estes delitos tamén son os máis frecuentes entre os homes, no seu caso cobran maior importancia os delitos contra as persoas, tales como o homicidio, as lesións ou os delitos contra a liberdade sexual.

Doutra parte, as políticas públicas aplicadas no sistema penitenciario céntranse no colectivo masculino (Ribas, Almeda e Bodelón, 2005) e a oferta do mercado de traballo en prisión é escasa para as mulleres, que sofren un castigo duplo ao entraren na cadea: estaren recluídas, ademais, sendo mulleres. Neste ámbito trátase, por tanto, dunha minoría que debe adaptarse a un medio deseñado case de forma única en clave masculina.

Neste artigo abordaremos a situación da muller no sistema penal e penitenciario español e, en concreto, as desigualdades que o colectivo da poboación reclusa feminina debe afrontar, pois sobre el recaen varias causas de exclusión que se superpoñen e dificultan a consecución dunha inclusión social plena. A unión de, cando menos, estas dúas características –ser muller e reclusa– aumenta as súas posibilidades de exclusión, xa que, como veremos máis adiante, tanto o sistema penal como o sistema penitenciario, mesmo o mundo laboral, estiveron pensados exclusivamente para os homes durante moitos séculos, polo que a adaptación das mulleres a estes contextos se complica.

2. A muller ante o sistema penal español

Podemos destacar como principal causa de que as mulleres ingresen en prisión nunha porcentaxe moito menor que os homes o feito de o colectivo feminino delinquir en menor medida. Isto débese, principalmente, ao diferente rol que as

mulleres viñeron desempeñando ao longo da historia, ao quedaren relegadas á vida privada e á familia –o que se coñece como traballo reprodutivo (Coltrane, 2000)– fronte aos homes, encargados da vida pública e de participaren no mercado laboral –o traballo produtivo (Amoroso *et al.*, 2003; Carrasco, 2009)–. As leis apoiaron durante moitos séculos esta división. É máis, considerouse a muller falta de capacidade, como un ser vulnerable que cumpría protexer, ao cal non se lle podía dar ningunha responsabilidade, que debía ser controlado.

Para iniciar o estudo do sistema penal español deste punto de vista, é necesario en primeiro lugar deternos na Roma antiga e mencionarmos a Lei das doce táboas, debido á súa influencia posterior. Nestas normas do século V a. C. en que rexe a vinganza privada, a compensación e a lei do talión, encontramos algunhas referencias expresas á muller en materia de dereito civil. Así, por exemplo, considerábase que, debido á súa «lixieira de espírito», cumpría que fose tutelada para dispor dos seus bens. As únicas mulleres que non precisaban tutela eran as virxes vestais, sacerdotisas vinculadas á deusa do fogar Vesta, que durante trinta anos debían manterse virxes e non casar. O castigo para aquelas que perdesen a súa virxindade era o enterro en vida (Höbenreich e Kühne, 2009).

A normativa referente ás mulleres na Roma antiga reflicte a preocupación por marcar unhas pautas sobre os comportamentos sexuais femininos, debido á «natural predisposición ao desexo e ao pracer sexual das mulleres». Por exemplo, prohibíbaselles beber viño para evitar que este as conducise a cometeren adulterio. Este delito era especificamente feminino, pois só se consideraba que había adulterio cando se producía a unión extramatrimonial dunha muller casada (D’Ambra, 2007). Canto á muller solteira, en Roma estaba sometida á patria potestade do *pater familias*, que era o dono do fogar e dos seus membros e que podía ser o pai ou o avó. Unha vez que a muller contraía matrimonio, este levaba consigo a adquisición da *manus*, o que implicaba quedar baixo a dependencia do marido ou do *pater familias* da familia deste; porén, tamén se permitiu o matrimonio *sine manus*, mediante o cal a muller podía manter os lazos coa súa familia ou ter un titor distinto ao marido. Xa que logo, aínda que non dependese do marido, debía depender doutro home.

O Código de Eurico (466-484), o Breviario de Alarico (506) e, fundamentalmente, o *Liber Iudiciorum* son as normas principais da época dos visigodos. O *Liber Iudiciorum*, mediante o cal se quixo deixar atrás o mecanismo da vinganza de sangue e darlle carácter público ao poder penal, seguirá vixente na etapa da

Reconquista, aínda que a súa unidade se verá quebrada polos Foros municipais. Afonso X tratará de pórllle remedio a esta fragmentación mediante o Foro real e, posteriormente, as Partidas. Podemos dicir que na Idade Media o dereito se caracterizou pola influencia da Igrexa; a inseguridade debida á desorde e confusión lexislativa existente; e a crueldade das leis, que se xustificaba pola súa función de exemplar e de intimidación. De por parte, podemos dicir que os principais traballos que desempeñaba unha muller eran as tarefas agrícolas, os labores do fogar –ben na súa casa ou ben como escrava– e o coidado dos fillos. Tamén foron moitas as que optaron por ingresar nun convento.

O Ordenamento de Alcalá (1348) supuxo no s. XIV o punto de partida da transición ao estado moderno nun momento en que a necesidade de unificar a lexislación se facía cada vez máis patente. No tocante á muller, a pesar do transcurso dos séculos, o mellor destino que podía esperar era ben casar ou ben ser monxa. A familia continuou a ter moita importancia e os matrimonios seguiron a ser de comenencia nos ss. XVI e XVII. As virtudes que se salientaban nas mulleres consistían na honestidade, a beleza, a virxindade, a abstinencia e o cumprimento dos deberes matrimoniais.

No s. XVIII a Revolución francesa é clave para a apertura do proceso de codificación, ao se pretender romper co Antigo Réxime e reformar as leis penais e civís. Os Códigos franceses de 1791 e 1810 serán determinantes para o proceso codificador en España. Paradoxalmente, no medio da resistencia á invasión napoleónica, constitúense as Cortes de Cádiz e xorde a Constitución de 1812, coñecida como A Pepa, en que se establece un Código civil, criminal e de comercio común para toda a monarquía. Para alén, a Constitución de 1812 reconece o sufraxio universal masculino indirecto, polo que a muller queda á marxe da elección dos representantes políticos. Haberá que agardar máis de cen anos para que se considere o sufraxio universal real, que inclúa as mulleres.

A Ilustración conta, pola súa banda, con representantes como Rousseau, que alén das súas achegas en materia política tiña a súa propia visión da muller: relegada á vida privada, a muller necesita que un home actúe de intermediario entre ela e a vida pública (Fuster, 2007).

Após a reacción absolutista e a toma do poder por parte de Fernando VII, a Constitución de 1812 queda sen efecto. Con todo, no trienio liberal de 1820-1823 elaborárase o primeiro Código penal español (1822), que se caracteriza pola súa

rápida elaboración e a súa curta vixencia, así como polas súas múltiples fontes: o código penal de Napoleón de 1810, a tradición española e as influencias dos filósofos da época, como Beccaria (Quintero Olivares, 2000). A principal obra deste autor, *Tratado de los delitos y de las penas*, é moi destacable por incluír a idea da necesidade de que as penas impostas sexan proporcionais ao delito cometido (Beccaria, 1993).

O devandito código penal sería derogado por Fernando VII, que declarou «nulos e de ningún valor os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou aos meus pobos desde o 7 de marzo de 1820, até hoxe, primeiro de outubro de 1823». Volveron rexer a Novísima compilación, os Foros e as Partidas, de aplicación por parte dos xuíces case con ilimitado arbitrio. Non obstante, a influencia das ideas humanitarias da Ilustración na aplicación das leis era unha realidade, agás cando era necesario dar exemplo.

Haberá que esperar até o ano 1848 para que se promulgue o segundo Código penal en España (Suárez-Mira, 2005), caracterizado pola idea da necesidade de protexer a orde pública e de considerar delitos que non foran previstos no Antigo Réxime, de orientación liberal conservadora. Nestes anos está vixente a Constitución de 1845, que restrinxo o voto e permite só o sufraxio censatario. Considerábanse penas importantes para os delitos políticos e acollíase o principio da responsabilidade obxectiva ou polo resultado. En 1850 o Código penal sofre unha reforma que supón o endurecemento das penas. Non se considerará o principio de legalidade, nun paso atrás na historia.

A pesar do seu carácter provisional inicial, o Código penal promulgado en 1870 estivo vixente un longo período, até a entrada en vigor do de 1932 e coa excepción do Código penal de 1928, de Primo de Rivera, con penas de extremada dureza e carácter autoritario. O Código penal de 1870 supón un avance, xa que as penas se humanizan e se establece o tan necesario principio de legalidade.

Coa Segunda República chegou a concesión do dereito ao voto das mulleres grazas a contribucións como a de Clara Campoamor. Así, no art. 36 da Constitución de 1931 dise que «os cidadáns dun e doutro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinaren as leis». Así mesmo, o art. 25 recoñece que «non poderán ser fundamento de privilexio xurídico o nacemento, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas», o cal supón un grande avance. Esta aprobación é relevante desde o punto de vista do

noso estudo, xa que aqueles que consideraban que a muller non debía votar se baseaban sobre todo na súa falta de capacidade para facelo, o que reflicte esta persistente visión da muller como ser inferior nunha gran parte da sociedade.

O seguinte código penal ve a luz tamén na Segunda República, en 1932. Malia xa quedar atrás no Código penal de 1870 a visión da pena como elemento intimidatorio, en 1932 afóndase nesta idea e oriéntase o sistema penal cara á prevención especial e a retribución. Por outra parte, suprímese a pena de morte. No tocante ao adulterio, que como xa comentamos se considerou durante moito tempo delito e, ademais, delito só feminino, na Segunda República despenalízase, posto que non se considera necesario penar por este motivo nin homes nin mulleres: a infidelidade supoñía simplemente unha causa de disolución do matrimonio, sen cumprir a intervención do dereito penal nesta materia.

Non obstante, e malia estes avances, após a guerra civil e a chegada ao poder de Franco, promúlgase o Código penal de 1944, acorde co autoritarismo distintivo do réxime franquista. Restablécese a pena de morte, volve ser delito o adulterio e as leis que se promulgan están imbuídas dunha visión patriarcal. Retórnase, desta forma, á minoría de idade perpetua para as mulleres, sobre todo as casadas. Na primeira redacción que se lle deu –posteriormente sufriu varias reformas– xustificábase en esixencias da unidade matrimonial a necesidade da muller de contar coa licenza do marido, xa que segundo este código tanto a natureza como a relixión e a historia lle atribúen ao home a capacidade de dirixir.

Canto ao adulterio, considérase de novo un delito feminino; para o home establécese outro distinto: o amancebamento. Xa que logo, péñase máis severamente a infidelidade feminina, pois abonda un só encontro sexual cun home distinto ao marido para entender que se produciu adulterio, mentres que no caso do home era necesario que as relacións coa amante fosen habituais, e mesmo se esixía que tivesen lugar no domicilio conxugal ou notoriamente fóra del. Noutros delitos como o estupro, acontecido ao conseguir mediante engano xacer cunha muller de entre 16-23 anos, chama a atención que se considerase que até esta idade, 23 anos, a muller era un ser débil, doado de enganar, que non podía resistirse aos encantos virís.

Por outro lado, a muller necesitaba o consentimento do marido para realizar actos de disposición. Un exemplo da visión governamental a respecto de como tiña que ser unha muller atopámola nun manual que se lles entregaba ás mulleres que

facían o Servizo Social na Sección Feminina (Blasco, 2005), a *Guía de la buena esposa*, con consellos sobre como tratar o marido cando chegaba do traballo, tales como: «Déixao falar antes. Lembra que os seus temas son máis importantes que os teus». Predicábase, por tanto, unha visión submisa da muller, máis acorde con épocas primitivas que co s. XX.

Tras a morte de Franco en 1975, promúlgase a Lei 14/1975, do 2 de maio, sobre a reforma de determinados artigos do Código civil e do Código de comercio sobre a situación da muller casada e os dereitos e deberes dos cónxuxes. Nela considérase o seguinte:

Base esencial da nova ordenación é a de que o matrimonio non ten un sentido restritivo respecto á capacidade de obrar dos cónxuxes. En consecuencia, ningún deles exerce unha representación legal do outro, sendo posible unicamente a representación derivada da vontade.

A continuación lévanse a cabo diversas reformas, como a eliminación dos delitos de adulterio e amancebamento, ou a extensión do suxeito pasivo dos delitos de estupro e rapto á persoa en lugar de unicamente á muller. Doutra parte, coa promulgación da Constitución de 1978 recoñécese o principio de igualdade de todos os españois ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo ou relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social². Este é un dos innumerables logros que se conseguen nesta época, caracterizada principalmente pola idea de que o consenso era o mellor camiño (González, 2009).

O Código penal vixente en España foi promulgado en 1995 e sufriu numerosas reformas. Conta, por un lado, cunha parte xeral en que se recolle que é para os efectos legais un delito, alén de se explicaren as penas, as medidas de seguridade, os atenuantes e agravantes da pena etc.; e, polo outro, cunha parte especial en que se tratan os delitos e faltas de forma concreta. Como comentabamos ao inicio, salienta como función principal do sistema penal, e en concreto da prisión, a reinserción³. Non obstante, conseguir este fin non depende só do sistema penal,

² Art. 14 da Constitución española de 1978.

³ O art. 25.2 da Constitución española establece que «as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán encamiñadas á reeducación e á reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados».

xa que son moitos os elementos que interveñen cando unha persoa recupera a súa liberdade e intenta reincorporarse á sociedade. Factores como o nivel de formación ou as habilidades que esa persoa teña e desenvolva dentro ou fóra do cárcere, ou se conta con familiares que a apoien á hora de iniciar unha nova vida, son determinantes (Barreiro Gen, Novo Corti e Ramil Díaz, 2013).

A reforma do Código penal que entrou en vigor o 23 de decembro de 2010⁴ modificou un gran número de artigos, aínda que para os efectos deste estudo o cambio máis significativo é o do art. 368, xa que se reduce a pena de prisión para pequenos traficantes que non estiveren ligados a unha organización delituosa: antes de 3 a 9 anos e arestora de 3 a 6 anos. Este artigo queda redactado no seu primeiro parágrafo como segue:

Os que executen actos de cultivo, elaboración ou tráfico, ou doutro modo promovan, favorezan ou faciliten o consumo ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, ou as posúan con aqueles fins, serán castigados coas penas de prisión de tres a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor da droga obxecto do delito de se tratar de substancias ou produtos que causen grave dano á saúde, e de prisión dun a tres anos e multa do tanto ao duplo nos demais casos.

Entre os cometidos en maior medida polas mulleres reclusas encóntranse os delitos contra a saúde pública, principalmente delitos de tráfico de drogas, tipificados neste artigo (INE, 2010). Esta categoría de delitos tamén é a máis frecuente entre as mulleres encarceradas doutros países europeos como Inglaterra. Porén, noutros estados como Francia ou Hungría a porcentaxe de mulleres en prisión por delitos contra a saúde pública é moito menor (Cruells e Igareda, 2005). Concretamente en Hungría, os máis comúns entre as mulleres adoitan ser delitos contra o patrimonio, como por exemplo os roubos.

3. A muller ante o sistema penitenciario español

Durante moitos séculos a prisión non se empregaba como castigo en si mesmo, senón como lugar en que debían permanecer aqueles que esperaban o seu xuízo ou o seu castigo. Moitos ven a súa orixe nas casas de traballo e corrección que

⁴ Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

apareceron en países como Holanda ou Inglaterra nos ss. XVI e XVII (Rusche e Kirchner, 1939), en que os vagabundos expulsados do campo eran internados e empregados polos burgueses como man de obra, no contexto do nacemento do capitalismo.

As mulleres adoitaban internarse en prisións de homes, en apartados específicos. En España, os primeiros cárceres para mulleres son as casas galera, impulsadas por sor Magdalena de San Xerónimo. Era habitual que fosen encerradas por non se axustaren ao modelo de muller que estaba establecido naquel momento. De feito, a muller que cometía un delito non só estaba a desviarse da norma, senón que se desviaba tamén, nun sentido social, do papel que por ser muller tiña asignado na sociedade (Almeda, 2006). Unha vez finalizada a súa estadía nestas casas debía estar preparada para ser unha boa esposa ou para servir. Outra opción era o internamento nas casas de misericordia. Aínda que non eran exclusivamente femininas, adoitábase internar nelas mulleres, mentres os homes eran enviados a traballar.

Xa durante o s. XVIII, de acordo con Tamarit Sumalla *et al.* (2005), tendíase a ocultar todo o proceso de detención dun delincuente e exteriorizábase a execución da pena, que se convertía deste xeito nun espectáculo. Durante o Antigo Réxime eran frecuentes os castigos físicos e corporais, mais só no caso dos homes, xa que as mulleres que delinuían eran na súa maioría encerradas e adoutrinadas moralmente para «reconducilas ao camiño correcto».

Prodúcese nestes anos unha reconsideración de como debe ser o castigo e a forma de aplicalo. Da man da Ilustración aparecen importantes pensadores, como o mencionado Beccaria, que realizan achegas relevantes neste ámbito: Beccaria defendía que a certeza da súa imposición é máis importante que a dureza das penas, e denunciaba o problema de non contar con garantías, de xeito que o proceso penal se caracterizase pola arbitrariedade. O filósofo alemán Hegel, pola súa banda, non estaba de acordo coa idea da función de reeducación e resocialización da prisión. Hegel cría que a pena era unha necesidade para os propios delinquentes, que precisaban dela para borrar o delito que cometeran e desta forma, compensaren a sociedade.

No tocante ao sistema penitenciario español, en 1796 Luis Marcelino Pereyra dita a Ordenanza da Casa Galera de Valladolid, que é a primeira referencia formal con

que se conta, e que establece a entrada en prisión e permanencia nela dos fillos das reclusas até atinxiren os 7 anos (Yagüe Olmos, 2007). Máis adiante, a través da Ordenanza de 1834, as casas galera e de misericordia cambian de denominación e pasan a chamarse casas de corrección. Estas institucións reguláronse no Código penal de 1822, que como xa comentamos é o primeiro Código penal español. Considerábase o mesmo castigo para mulleres e menores, co que isto supón a respecto do concepto da muller da época. O Código penal de 1848 tamén fai referencia ás casas de corrección, que pasarán a denominarse casas de corrección de mulleres. O seu funcionamento continuaba a ser similar, e facíase gran fincapé na relixión.

Cabe salientarmos no s. XIX a importante achega de Concepción Arenal, escritora e activista social española, dada a súa experiencia en temas penitenciarios e en materia de igualdade. Concepción Arenal entendía fundamental que as mulleres puidesen acceder á educación como medio para atinxiren a súa emancipación. No ámbito penitenciario, consideraba que había que dar ás mulleres a posibilidade de desenvolveren un traballo grazas ao cal poder subsistir, e non limitalas á realización de labores do fogar.

Xa no s. XX publícase a Compilación de 1913, a través da cal se clasifican os establecementos penitenciarios en distintas categorías. Os homes ingresan nun ou outro centro en función da pena e da súa idade; no entanto, polo seu menor número, as mulleres reclusas deben cumprir a súa condena nunha única prisión, a Prisión Central de Mulleres de Alcalá de Henares, sempre que o delito cometido tivese certa entidade. Soamente se fará unha especial mención ao tema da maternidade. Na Segunda República, a respecto das reclusas con fillos, introdúcese a posibilidade de as crianzas estaren coas nais na cadea até faceren os tres anos. O sistema penitenciario sofre, nesta época, importantes reformas da man de Victoria Kent, a primeira muller que desempeñou o cargo de directora xeral de prisións. De acordo con Almeda (2006), elimínanse as celas de castigo, os grifóns, os ferros e as cadeas para mellorar a vida da poboación reclusa, alén de se instituír a posibilidade de acceder a permisos e ter visitas íntimas, e proclamarse a liberdade de culto.

Após a guerra civil española (1936-1939), os presos amoréanse nos cárceres debido, en boa parte, ao gran número de presos políticos, os centros militarízanse, realízanse traballos forzados e empeoran as condicións sanitarias, sobre todo nos primeiros anos. Volve a educación relixiosa ás prisións, xa que durante o

franquismo os cárceres de mulleres foron xestionados por relixiosas. Ás mulleres ensinábanelles as tarefas do fogar e os valores tradicionais da condición feminina.

Coa morte de Franco en 1975 iníciase a Transición cara á democracia. En 1979 apróbase a Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, aínda vixente, pois cando xorde a necesidade de realizar cambios faise mediante regulamento, sen modificala. Os regulamentos de dereito penitenciario conteñen varios artigos dirixidos exclusivamente ás mulleres reclusas, como por exemplo, que deberán estar separadas dos homes, e algúns preceptos que regulan a situación da muller embarazada ou da reclusa que é nai dun menor de tres anos. Con todo, en termos xerais aplícaselles por analogía un réxime pensado para o encarceramento de homes. E é que en moitos casos os módulos de mulleres se encontran en macrocárceles destinados a homes, polo que son agrupadas nun ou dous módulos, o que impide unha mínima clasificación interior (Almeda, 2006).

4. Actuacións governamentais

O Instituto da Muller español créase en 1983 co obxectivo de eliminar as diferenzas por razón de sexo, para o que desenvolvería diferentes plans de igualdade. O último é o I Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2008-2011 (Instituto da Muller, 2008), que se diseña no marco da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e en que cabe destacarmos a inclusión do enfoque de xénero en todos os proxectos, planificacións, investigacións etc. derivados. Un dos seus principais eixes de actuación é a atención á inclusión social, e o colectivo da poboación reclusa e ex reclusa feminina aparece recollido como un dos grupos con máis risco de exclusión social.

Doutra banda, por medio da Subdirección Xeral de Tratamento e Xestión Penitenciaria, o Ministerio do Interior (2009) elaborou o Programa de accións para a igualdade entre mulleres e homes no ámbito penitenciario, en que se prevé a implementación de 122 accións positivas en resposta aos seus catro obxectivos xerais. Estes diríxense a erradicar as discriminacións que puideren detectarse por razón de xénero, coñecer as características específicas das mulleres reclusas para poder atender axeitadamente as súas necesidades e diminuír a súa vulnerabilidade «fronte a situacións de violencia e/ou dependencia».

Das actuacións levadas a cabo para atinxir a reinserción das mulleres, a maioría están relacionadas coa promoción do seu acceso a un emprego, xa que é un dos mecanismos que máis facilitan a inclusión. As mulleres reclusas poden tomar parte en obradoiros e cursos formativos destinados á súa reinserción ao abandonaren a prisión. As actividades profesionais que realizan en maior medida son a confección e o manipulado, e é moi estraño que leven a cabo actividades consideradas tradicionalmente masculinas. Tres cuartas partes dos empregos das mulleres en prisión corresponden a servizos da propia rede, tales como cociña, panadaría, mantemento ou funcións auxiliares, moi difíciles de acreditar para a súa posterior inserción no mercado laboral. Doutra parte, están máis presentes no ensino impartido en prisión en termos relativos en todos os niveis educativos. En 2011, o 51,5% do total de mulleres estaba matriculada nalgún programa, mentres que no caso da poboación reclusa masculina só o 32,5% o estaba (Ministerio do Interior, 2011).

No tocante aos obxectivos marcados no programa, destacaremos a necesidade de fomentar a autoestima de moitas das mulleres presas mediante estratexias de empoderamento. Asemade, considérase o desenvolvemento de titorías persoais como complemento das actividades formativas, así como programas específicos para as vítimas de violencia de xénero. Mostra diso é o Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero (Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, 2006) posto en marcha en 2007. Así mesmo, no ámbito penitenciario, seguindo esta mesma liña, publicouse o Programa de prevención de violencia de xénero para as mulleres en centros penitenciarios (Ministerio do Interior, 2010).

Segundo datos de Institucións Penitenciarias, o 80% das mulleres reclusas no noso país sufriu maltrato psicolóxico, físico ou sexual. Nun importante número de casos, este maltrato proviña da súa parella ou do seu ámbito familiar. Para combater esta situación, implantouse este programa para mulleres privadas de liberdade co obxectivo de previr a violencia de xénero, empregando o manual *Sermujeres*, un documento elaborado por profesionais penitenciarios e persoal universitario e de ONG que traballa en prisións. Abórdanse temas como a sexualidade, a autoestima, os tipos de maltrato etc.

Por outro lado, o Programa de accións para a igualdade entre mulleres e homes no ámbito penitenciario prevé o desenvolvemento de plans de formación do persoal penitenciario para sensibilizalo neste tema e que perciba as diferenzas das mulleres

encarceradas, ou a implantación de sistemas de análise que permitan observar a evolución das mulleres en prisión a respecto dos homes.

5. Conclusións

En conclusión, os roles ocupados polas mulleres e os homes ao longo da historia foron moi diferentes e este fenómeno foise reflectindo na lexislación de cada época. Durante moitos anos quíxose protexer a muller, por considerala un ser feble e indefenso, a través do afastamento da toma de moitas decisións sobre a súa vida que lle correspondían e a súa asignación a algún varón próximo, como o pai ou o marido. Esta diferenza materializouse nunha maior comisión de delitos por parte dos homes, vinculados en maior medida coa vida pública; como resultado tamén foron castigados en maior medida coa pena de prisión.

A pesar de que o número de mulleres reclusas foi aumentando nos últimos anos, dista moito da porcentaxe de homes encarcerados, polo que se un recluso mostra bo comportamento ten a posibilidade de ser trasladado a un módulo máis tranquilo. Non obstante, no caso das presas é habitual que non poidan beneficiarse do seu bo comportamento, xa que é común contar con un ou dous módulos destinados á poboación reclusa feminina. Así mesmo, ao existir menos centros penitenciarios de mulleres no territorio español, moitas delas deben cumprir a súa condena afastadas da súa familia. O cárcere, por tanto, foi creado pensando en homes. Intentouse eliminar a discriminación a través das prisións tipo. Non obstante, estendeuse ás mulleres un sistema dirixido, nun primeiro momento, unicamente ao xénero masculino. A pesar dos avances conseguidos, de momento non se alcanzou a paridade.

Tanto no contexto europeo como no estatal leváronse a cabo numerosos cambios normativos e desenvolvéronse plans de actuación co obxectivo de introducir un enfoque de xénero en diversos ámbitos: na lexislación, nos informes que se realizan, no sistema penitenciario etc. Así e todo, haberá que esperar para poder estudar se realmente teñen un efecto real e non só formal, se quedan ou non en simples declaracións de intencións.

Referencias bibliográficas

- ALMEDA, E. (2006) «Pasado y presente de las cárceles femeninas en España» *Sociológica* 6, pp. 75-105.
- AMOROSO, M. I.; BOSCH, A.; CARRASCO, C.; FERNÁNDEZ, H. e MORENO, N. (2003) *Malabaristas de la vida. Mujeres, tiempos y trabajos*. Barcelona, Icaria Editorial.
- BARREIRO GEN, M.; NOVO CORTI I. e RAMIL DÍAZ M. (2013) «Mercado de trabajo, formación y exclusión social: análisis de la situación de la población reclusa de Galicia» *Revista Galega de Economía* 22, pp. 225-244.
- BLASCO HERRANZ, I. (2005) «“Sección femenina” y “acción católica”: la movilización de las mujeres durante el franquismo» *Gerónimo de Uztariz* 21, pp. 55-66.
- BECCARIA, C. (1993) *Tratado de los delitos y de las penas*. Bos Aires, Heliasta.
- BLÁZQUEZ VILAPLANA, B. e RAMOS VÁZQUEZ, I. (2010) «Hacia la implementación de políticas públicas penitenciarias en España: ¿reto conseguido o logro por alcanzar?». Relatorio presentado nas Jornadas Internacionales sobre Igualdad de Género y Políticas Públicas, organizadas pola Facultade de Dereito da Universidade de Málaga os días 23-25 de febreiro de 2010.
- CARRASCO, C. (2009) «Women, sustainability and social debt» *Revista de Educación* número extraordinario, pp. 169-191.
- COLTRANE, S. (2000) «Research on Household Labor: Modeling and Measuring the Social Embeddedness of Routine Family Work» *Journal of Marriage and the Family* 62(4), pp. 1208-1233.
- CRUELLES, M. e IGAREDA, N. (2005) *Mujeres, integración y prisión*. Barcelona, Aurea.
- D'AMBRA, E. (2007) *Roman Women*. Cambridge, Cambridge University Press.
- FUSTER GARCÍA, F. (2007) «Dos propuestas de la Ilustración para la educación de la mujer: Rousseau versus Mary Wollstonecraft» *A Parte Rei* 50.
- GONZÁLEZ MARRERO, S. (2009) «El valor de la transición como paradigma político» *Temas para el Debate* 173, pp. 45-47.
- HÖBENREICH, E. e KÜHNE, V. (2009) *Las mujeres en Roma antigua*. Lecce, Edizioni del Grifo.
- INSTITUTO DA MULLER (2008) [en liña] *Plan estratégico de igualdad entre mujeres y hombres 2008-2011*. Disponible no enderezo web <<http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/sociedadInfo/docs/plan1.pdf>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2010) [en liña] *Estadística de condenados 2010*. Disponible no enderezo web <<http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=/t18/p466/a2010 &file=pcaxis&L=0>>.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS (2006) [en liña] *Plan nacional de sensibilización y prevención de la violencia de género*. Disponible no enderezo web <[http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/Documentacion/medidasPlanes/DOC/](http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/Documentacion/medidasPlanes/DOC/Plan_nacional_sensibilizacion_prevencion_violencia_genero.pdf)

[Plan_nacional_sensibilizacion_prevencion_violencia_genero.pdf](http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/Documentacion/medidasPlanes/DOC/Plan_nacional_sensibilizacion_prevencion_violencia_genero.pdf)>.

MINISTERIO DO INTERIOR (2013) [en liña] *Estadística penitenciaria*. Disponible no enderezo web <<http://www.institucionpenitenciaria.es/web/portal/documentos/estadisticas.html>>.

MINISTERIO DO INTERIOR (2011) [en liña] *Informe general 2011*. Disponible no enderezo web <http://www.institucionpenitenciaria.es/web/export/sites/default/datos/descargables/publicaciones/Web_Informe_General_2011_Ok_Def.pdf>.

MINISTERIO DO INTERIOR (2010) [en liña] *Programa de prevención de violencia de género para las mujeres en centros penitenciarios*. Disponible no enderezo web <http://www.institucionpenitenciaria.es/web/export/sites/default/datos/descargables/publicaciones/Documento_Penitenciario_9_Ser_Mujer_xparticipantesx.pdf>.

MINISTERIO DO INTERIOR (2009) [en liña] *Programa de acciones para la igualdad entre mujeres y hombres en el ámbito penitenciario*. Disponible no enderezo web <<http://www.interior.gob.es/file/53/53002/53002.pdf>>.

QUINTERO OLIVARES, G. (2000) *Manual de derecho penal. Parte general*. Pamplona, Aranzadi.

RIBAS, N.; ALMEDA, E. e BODELÓN, E. (2005) *Rastreado lo invisible: Mujeres extranjeras en las cárceles*. Barcelona, Anthropos.

RUSCHE G. e KIRCHHEIMER, O. (1939) *Punishment and Social Structure*. Nova York, Columbia University Press.

SUÁREZ-MIRA RODRÍGUEZ, C. (2005) *Manual de derecho penal. Parte general*. Madrid, Thomson Civitas.

TAMARIT SUMALLA, J.; GARCÍA ALBERO, R.; RODRÍGUEZ PUERTA, M. J. e SAPENA GRAU, F. (2005) *Curso de derecho penitenciario*. Valencia, Tirant Lo Blanch.

YAGÜE OLMOS, C. (2007) *Madres en prisión. Historia de las cárceles de mujeres a través de su vertiente maternal*. Granada, Comares.